

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

964 *Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, polo que se desenvolven aspectos relativos á aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030.*

A Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para intensificar as reducións de emisións de forma eficaz en relación cos custos e facilitar os investimentos en tecnoloxías hipocarbónicas, así como a Decisión (UE) 2015/1814, foi publicada no «Diario Oficial de la Unión Europea» o 19 de marzo de 2018 e entrou en vigor o 8 de abril de 2018.

Esta directiva constitúe o marco legislativo da Unión Europea para o período de comercio 2021-2030 (cuarta fase) do réxime de comercio de dereitos de emisión da Unión Europea (RCDE UE) e configúrase como un dos instrumentos principais da Unión para alcanzar os seus obxectivos de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro en ao menos un 40 por cento en 2030 con respecto aos valores de 1990, en liña cos compromisos asumidos polo Consello Europeo en 2014 e como parte da contribución da Unión ao Acordo de París, adoptado en 2015.

O artigo 3 da Directiva obriga os Estados membros a pór en vigor, como máis tarde o 9 de outubro de 2019, as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para dar cumprimento ao establecido nela, a excepción do artigo 1, punto 14, letra f), que dá unha nova redacción ao artigo 10 bis, número 6, da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello, que debe estar en vigor como máis tarde o 31 de decembro de 2018.

O artigo 1, punto 35, da Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, afonda no réxime de exclusión de pequenos emisores xa existente na actualidade. Abre a posibilidade aos Estados membros a que poidan excluír do RCDE UE as instalacións que notificasen á autoridade competente emisións inferiores a 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono.

Para o correcto desenvolvemento do réxime de comercio de dereitos da Unión Europea de cara á entrada en vigor do período de comercio 2021-2030, a mencionada directiva require a posta en marcha de todo un conxunto de actos delegados e de execución no ámbito da Unión. Os ditos actos encóntranse en distintas etapas do proceso nunha fase máis ou menos adiantada de elaboración e aprobación no ámbito das institucións da Unión Europea no momento da publicación deste real decreto e requirirán, pola súa vez, determinadas adaptacións no ordenamento xurídico español que se levarán a cabo en fases posteriores.

Tanto a directiva como os actos delegados e de execución concretan, no ámbito da Unión, os fitos do proceso polo que se outorga a asignación gratuíta e individualizada de dereitos de emisión a cada un dos titulares das instalacións. Este proceso comeza coa solicitude de asignación gratuíta de dereitos de emisión e a remisión da información verificada sobre niveis de actividade recollidos con base nun plan metodolóxico de seguimento que deben presentar os titulares das instalacións. Cada Estado membro, pola súa parte, debe recompilar e agregar esta información, de acordo cos procedementos que determine a nivel nacional e de acordo coas peculiaridades do seu propio ordenamento xurídico, e presentar á Comisión Europea unha lista con todas as instalacións no seu territorio que se encontran no ámbito do RCDE UE, acompañada dos datos entregados

por cada instalación que solicitase asignación gratuíta. Esta lista presentarase por primeira vez o 30 de setembro de 2019, e volverase presentar cada 5 anos a partir de entón.

Os datos facilitados polos titulares das instalacións sobre os seus niveis de actividade dos anos 2016-2017 para a asignación do período 2021-2025 serán a base para o cálculo por parte da Comisión Europea dos parámetros de referencia («Benchmarks») para cada sector e subsector suxeito a asignación gratuíta. A partir deses datos, calcularase unha taxa de redución anual dos «Benchmarks» cuxa referencia serán o 10 por cento das instalacións máis eficientes do sector. A dita taxa de redución anual terá un valor situado entre o 1,6 e o 0,2. Os valores de referencia definiranse nun acto de execución que se prevé adoptar en 2020.

Con estes valores de referencia os Estados membros calcularán a asignación preliminar de cada instalación. Estes datos de asignación preliminar para cada instalación elixible para asignación gratuíta que solicitase esta remitiranse á Comisión Europea.

Así mesmo, considérase a posibilidade de usar dous coeficientes de redución da asignación gratuíta adicionais, que aplicarán cando proceda segundo o caso: (i) o factor de corrección intersectorial, e (ii) o factor de redución lineal. Unha vez que se decida a aplicación dos factores mencionados, cada Estado membro poderá calcular a asignación gratuíta final para cada instalación, que no ámbito nacional será aprobada polo Consello de Ministros.

A pesar de que non finalizou a concreción no ámbito da Unión de actos delegados e de execución que desenvolven a mencionada Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, para o período 2021-2030, faise necesaria a regulación, a nivel estatal, de determinados aspectos antes de que finalice o ano 2018 e, en calquera caso, coa maior brevidade. O groso das disposicións da Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, será incorporado ao noso ordenamento xurídico nun exercicio posterior mediante a modificación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, así como dos desenvolvementos regulamentarios que sexan necesarios.

Así, este real decreto prepara o noso ordenamento xurídico ao período de comercio de dereitos de emisión 2021-2030, aclarando determinadas cuestións sobre as solicitudes de asignación gratuíta de dereitos de emisión e sobre o réxime de exclusión de pequenas instalacións do RCDE UE. Trátase de cuestións que non poden esperar a transposición da directiva mediante a modificación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, por afectar procesos preparatorios da fase cuarta do RCDE UE en España que cómpre levar a cabo de forma inmediata.

Por outro lado, este real decreto regula aqueles aspectos directamente relacionados coa transposición da Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, respecto das obrigacións de publicación relacionadas co mecanismo de compensación dos custos indirectos, así como diversos aspectos relacionados coa exclusión de pequenos emisores.

Este real decreto consta de nove artigos, divididos en catro capítulos, e cinco disposicións derradeiras. O capítulo I fai referencia ao obxecto do real decreto, consistente na regulación de determinados aspectos relativos á aplicación en España do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período de comercio 2021-2030.

O capítulo II aborda a definición de determinados aspectos relacionados co proceso de asignación gratuíta de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro do período de comercio 2021-2030. Este período de comercio divídese, para efectos da asignación gratuíta de dereitos de emisión para as instalacións fixas, en dous períodos de asignación, isto é, o período 2021-2025 e o período 2026-2030. En particular, régúlase neste real decreto o referente ás solicitudes de asignación de dereitos de emisión no período de asignación 2021-2025, os prazos e a información e documentos que deberán ser achegados, entre outras cuestións. Destaca como principal novidade a obrigación dos titulares de instalacións de elaborar un plan metodolóxico de seguimento para o período

de comercio 2021-2030, como ferramenta para o seguimento e notificación dos niveis de actividade no marco da asignación gratuíta de dereitos de emisión, que deberá ser aprobado pola autoridade competente. Este plan cubrirá o seguimento dos niveis de actividade, fluxos de enerxía e emisións a nivel de subinstalación e servirá como base para a recompilación e presentación dos datos necesarios para o cálculo da asignación gratuíta de dereitos de emisión dos períodos de asignación 2021-2025 e 2026-2030, así como para a recompilación e presentación dos datos requiridos para axustar a asignación gratuíta de conformidade co artigo 10 bis, números 20 e 21, da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003. O plan describirá as accións que levará a cabo o titular da instalación, en relación coas metodoloxías de seguimento das variables mencionadas, dunha maneira lóxica e simple, evitando a duplicación de esforzos e tendo en conta os sistemas existentes na instalación. No marco da solicitude da asignación gratuíta, as instalacións que sexan consideradas xerador eléctrico deberán informar de tal circunstancia, a pesar de que, de acordo coa normativa da Unión, non recibirán asignación gratuíta pola electricidade xerada.

Así mesmo, este real decreto aborda a concreción do réxime de exclusións de acordo coas disposicións introducidas pola Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018. Neste sentido, o capítulo III regula as cuestións relacionadas coa solicitude de exclusión do RCDE UE para o período 2021-2025, de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo. Así, as instalacións que foron excluídas no período de comercio 2013-2020 deben solicitar de novo a exclusión para o período 2021-2030, no caso de que desexen continuar en réxime de exclusión. Así mesmo, o Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, sobre medidas de mitigación equivalentes á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión para efectos da exclusión de instalacións de pequeno tamaño, será modificado para que as medidas recollidas nel sexan aplicables ao período de asignación 2021-2025 e, en caso de que a Comisión Europea emita directrices neste ámbito, coherentes con estas.

Por outro lado, a Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018, no número 35 do artigo 1 permite que os Estados membros poidan excluír do RCDE UE as instalacións que notificasen á autoridade competente emisións inferiores a 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, sen ter en conta as emisións da biomasa, en cada un dos tres anos anteriores ao ano de solicitude da asignación gratuíta de dereitos de emisión para o período 2021-2025, sempre que se cumpran determinadas condicións referidas ao prazo de notificación á Comisión Europea das ditas instalacións (30 de setembro de 2019), ao seguimento das emisións, á información sobre a posibilidade de reintrodución no RCDE UE e á publicación desta información. Así, no capítulo IV deste real decreto exclúense do RCDE UE estas instalacións con emisións inferiores a 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono e acláranse determinados aspectos relativos a este réxime de exclusión. Introdúcese desta forma no noso ordenamento xurídico o artigo 1, punto 35, da Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018.

Finalmente, o real decreto contén cinco disposicións derradeiras. Destaca a disposición derradeira terceira, que introduce no noso ordenamento xurídico as disposicións necesarias para dar cumprimento ás obrigacións de publicación previstas no artigo 1, punto 14, letra f), da Directiva 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, relativas ao artigo 10 bis, número 6, da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003, relacionadas co mecanismo de compensación dos custos indirectos imputables ás emisións de gases de efecto invernadoiro repercutibles nos prezos da electricidade, que deben estar en vigor como máis tarde o 31 de decembro de 2018.

O artigo 1, punto 14, letra f), da Directiva 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, mantén a posibilidade de que os Estados membros adopten axudas a favor de sectores ou subsectores que están expostos a un risco real de fuga de carbono debido aos custos indirectos significativos sufragados con cargo aos custos das emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidos nos prezos da electricidade, sempre que estean en conformidade coas normas sobre axudas estatais e, en concreto, non provoquen distorsións indebidas da competencia no mercado interior. En

España, a disposición adicional sexta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, que foi introducida pola Lei 13/2010, do 5 de xullo, pola que se modifica a Lei 1/2005, do 9 de marzo, para perfeccionar e ampliar o réxime xeral de comercio de dereitos de emisión e incluír nel a aviación, previu a posible compensación de custos de emisións indirectas. O Real decreto 1055/2014, do 12 de decembro, polo que se crea un mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro para empresas de determinados sectores e subsectores industriais que se consideran expostos a un risco significativo de «fuga de carbono» e se aproban as bases reguladoras da concesión das subvencións para os exercicios 2014 e 2015, modificado polo Real decreto 655/2017, do 23 de xuño, creou este mecanismo de compensación, denominado «Axudas compensatorias por custos de emisións indirectas de CO₂».

Por outro lado, a Directiva 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, sinala que os Estados membros procurarán non gastar nestas axudas máis do 25 por cento dos ingresos xerados polas poxas de dereitos de emisión e que cando o importe dispoñible para esas axudas supere esta porcentaxe, o Estado membro afectado exporá as razóns polas que se superou o dito importe. Así mesmo, establece que a partir de 2018, para calquera ano en que un Estado membro utilice con estes fins máis do 25 por cento dos ingresos xerados polas poxas de dereitos de emisión, ese Estado publicará un informe en que indique os motivos para superar o dito importe. O informe incluírá información pertinente sobre os prezos da electricidade para os grandes consumidores industriais que se benefician de tales medidas financeiras, sen prexuízo das exixencias relativas á protección da información confidencial. O informe incluírá tamén información sobre se se tiveron debidamente en conta outras medidas para reducir de maneira sustentable os custos indirectos do carbono a medio e longo prazo.

A directiva tamén sinala que, dentro do prazo de tres meses a partir do final de cada ano, os Estados membros que adoptasen esas axudas porán á disposición do público nunha forma facilmente accesible o importe total da compensación concedida por sectores e subsectores beneficiarios. Neste sentido, mediante este real decreto introdúcese na lexislación nacional, por un lado, a obrigaición de levar a cabo a desagregación por sectores e subsectores beneficiarios das axudas concedidas por compensación de custos, cando se publique a relación de empresas beneficiarias do programa de axudas. Queda reflectida, así mesmo, a intención do Goberno de procurar non superar o 25 por cento dos ingresos xerados polas poxas para o dito fin. Finalmente, introdúcese a obrigaición de publicar, a partir de 2018, un informe xustificativo adicional cando o volume das axudas supere o 25 por cento do total dos ingresos procedentes da poxa de dereitos de emisión, que será elaborado e publicado conxuntamente polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e polo Ministerio para a Transición Ecolóxica.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación para o desenvolvemento normativo que establece a disposición derradeira terceira da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

O contido deste real decreto axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, esta norma xustifícase na necesidade de introducir no ordenamento xurídico as disposicións necesarias para o correcto desenvolvemento en España do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para o período 2021-2030 e levar a cabo a transposición do punto 14, letra f), e do punto 35 do artigo 1 da Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018. Cúmrese o principio de proporcionalidade xa que a regulación se limita ao mínimo imprescindible para aclarar os elementos esenciais non incluídos na mencionada Lei 1/2005, do 9 de marzo, como consecuencia da entrada en vigor do seguinte período de comercio 2021-2030 do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exerceuse de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento, comprensión e aplicación e,

en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas. En aplicación do principio de eficiencia, limitáanse as cargas administrativas ás imprescindibles para a consecución dos fins descritos, sempre dentro do marco do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea. En aplicación do principio de transparencia, ademais da consulta pública previa e da audiencia e información públicas, durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, a ministra de Industria, Comercio e Turismo e a ministra de Economía e Empresa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xaneiro de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto regular determinados aspectos relativos á aplicación en España do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030 de acordo coa normativa da Unión Europea, en relación coa asignación gratuíta de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro do dito período, o réxime de exclusión de instalacións de pequeno tamaño e hospitais, o réxime de exclusión de instalacións que emiten menos de 2.500 toneladas para o período de asignación 2021-2025, así como as obrigacións de publicación no ámbito do mecanismo de compensación dos custos indirectos de emisións de gases de efecto invernadoiro.

CAPÍTULO II

Asignación gratuíta de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030.

Artigo 2. *Solicitudes de asignación gratuíta de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período de asignación 2021-2025.*

1. De conformidade co previsto no artigo 19 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, os titulares das instalacións fixas incluídas no ámbito de aplicación da mencionada lei que cumpran os requisitos pertinentes para recibir asignación gratuíta de dereitos de emisión poderán solicitar á Oficina Española de Cambio Climático do Ministerio para a Transición Ecolóxica a asignación gratuíta de dereitos de emisión para o período de asignación 2021-2025.

2. A solicitude de asignación gratuíta deberá presentarse o 28 de febreiro de 2019, como máis tarde, para o período de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro 2021-2025, ante o órgano autonómico competente para tramitar a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro e mediante o formulario elaborado para tal fin pola Oficina Española de Cambio Climático e publicado na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica. A información contida no formulario de solicitude que se presente o 28 de febreiro de 2019 non terá que ter sido obxecto de verificación, de conformidade co Regulamento de execución (UE) 2018/2067 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, relativo á verificación dos datos e á acreditación dos verificadores, de conformidade coa Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sen prexuízo do establecido no número seguinte para o resto de documentación que deberá presentarse antes

do 31 de maio de 2019. Así mesmo, deberá presentarse, xunto coa solicitude de asignación, a documentación referida nas letras a) e c) do número 3 do artigo 19 da Lei 1/2005, do 9 marzo.

3. A solicitude de asignación gratuíta para o período de asignación 2021-2025 deberá completarse antes do 31 de maio de 2019 mediante a presentación, ante o mencionado órgano autonómico competente, da información e documentos que resulten necesarios para calcular a asignación, de conformidade co exixido no artigo 19.3.b) da Lei 1/2005, do 9 de marzo, así como na normativa da Unión que determina as normas transitorias da Unión para a harmonización da asignación gratuíta de dereitos de emisión, conforme o artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, e no formato que esta normativa da Unión estableza, e que, en todo caso, incluírá:

a) Un informe sobre os datos de referencia, verificado e considerado satisfactorio, que conteña todos os datos relevantes para a instalación e as súas subinstalacións, e que abrangue o período de referencia para cada período de asignación pertinente, de conformidade coa normativa da Unión;

b) Un plan metodolóxico de seguimento que se axuste ao disposto no artigo 4 e servise de base para o informe sobre os datos de referencia verificado da letra a) e para a verificación reflexada na letra c);

c) Un informe de verificación, de acordo cos requisitos de verificación establecidos nas disposicións da Unión pertinentes e co disposto no artigo 3, que conteña, ao menos, a verificación da documentación sinalada nas letras a) e b) deste parágrafo.

4. Para os efectos do establecido no artigo 19.3.a) da Lei 1/2005, do 9 de marzo, a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro deberá ser aquela que se encontre vixente no momento de presentar a solicitude de asignación de dereitos de emisión, sen prexuízo do disposto no artigo 6.3 deste real decreto. En calquera caso, as autorizacións de emisión de gases de efecto invernadoiro deberán cumprir coa normativa en vigor ao comezo do período 2021-2030.

5. Para recibir asignación gratuíta de dereitos de emisión será necesario cumprir todos os requisitos relativos á presentación de información e documentación para o cálculo da asignación establecidos neste real decreto, na Lei 1/2005, do 9 de marzo, e nas normas transitorias da Unión para a harmonización da asignación gratuíta de dereitos de emisión, conforme o artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

6. O órgano autonómico competente para tramitar a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro remitirá á Oficina Española de Cambio Climático as solicitudes de asignación gratuíta para o período de asignación 2021-2025 e a documentación correspondente, presentadas de acordo co número 2 deste artigo, ao igual que a documentación exixida no número 3 deste artigo, nun prazo máximo de dez días desde a súa recepción.

Artigo 3. *Requisitos de acreditación para a verificación das solicitudes de asignación.*

A documentación achegada de conformidade co artigo 2.3 deberá ter sido verificada por un verificador acreditado por un órgano nacional de acreditación de acordo co artigo 4 do Regulamento (CE) 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93, e cuxa acreditación fose obtida de conformidade co Regulamento de execución (UE) 2018/2067 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, relativo á verificación dos datos e á acreditación dos verificadores, de conformidade coa Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, para o grupo de actividade n.º 98 e para o ámbito de actividade para o cal ese verificador está desempeñando a verificación, referidos no anexo I do dito regulamento de execución (UE).

Artigo 4. *Plan metodolóxico de seguimento.*

1. Os titulares de instalacións que soliciten asignación gratuíta de dereitos de emisión deberán contar cun plan metodolóxico de seguimento acorde coa normativa da Unión que determine as normas transitorias da Unión para a harmonización da asignación gratuíta de dereitos de emisión, conforme o artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

2. O plan metodolóxico de seguimento será elaborado conforme os modelos electrónicos proporcionadas pola Comisión Europea para tal fin.

3. Corresponde á Oficina Española de Cambio Climático aprobar, conforme os criterios establecidos na normativa da Unión e con anterioridade á transferencia dos dereitos de emisión correspondente, os plans metodolóxicos de seguimento e as revisións destes que corresponda. Os plans metodolóxicos de seguimento deberán ter sido aprobados antes do 31 de decembro de 2020.

4. A partir do 1 de xaneiro de 2021, en caso de que o plan metodolóxico de seguimento dunha instalación con asignación gratuíta outorgada non fose aprobado pola autoridade competente por non axustarse á normativa aplicable da Unión, suspenderase a transferencia de dereitos de emisión á dita instalación até que este sexa aprobado.

CAPÍTULO III

Exclusión de instalacións de pequeno tamaño e hospitais

Artigo 5. *Solicitud de exclusión do réxime de comercio de dereitos de emisión de pequenos emisores e hospitais para o período de asignación 2021-2025.*

1. Os titulares das instalacións que, ben sexan hospitais ben emitisen menos de 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, excluídas as emisións da biomasa, para cada un dos tres anos do período 2016-2018 e que, cando realicen actividades de combustión, teñan unha potencia térmica nominal inferior a 35 MW poderán solicitar a exclusión do réxime de comercio de dereitos de emisión durante o período 2021-2025, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, no Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, sobre medidas de mitigación equivalentes á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión para efectos da exclusión de instalacións de pequeno tamaño, e na normativa da Unión de aplicación.

2. A solicitude de exclusión para o período 2021-2025 deberá presentarse o 28 de febreiro de 2019, como máis tarde, ante o órgano autonómico competente da comunidade autónoma onde se localice a instalación.

3. O órgano autonómico competente determinará o contido da solicitude de exclusión, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, no Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, e na normativa da Unión de aplicación, así como, cando corresponda, a información e documentación necesaria para completar a solicitude de exclusión e o prazo para presentar a documentación complementaria, que non poderá ser posterior ao 31 de maio de 2019. Así mesmo, o órgano autonómico competente ditará resolución expresa en que se acorde se procede ou non a exclusión da instalación e, en caso de que proceda a dita exclusión, as medidas de seguimento, verificación e notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro.

Artigo 6. *Solicitudes de asignación gratuíta de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro o período de asignación 2021-2025 das instalacións que sexan elixibles para exclusión do réxime de comercio de dereitos de emisión.*

1. Os titulares de instalacións que sexan elixibles para a exclusión do réxime de comercio de dereitos de emisión e que desexen optar á asignación gratuíta nos casos en que, ben a solicitude de exclusión finalmente sexa rexeitada ou se produza a reintrodución da instalación no réxime de comercio de dereitos de emisión, poderán

presentar unha solicitude de asignación gratuíta de dereitos de emisión para o período de asignación 2021-2025.

2. A solicitude de asignación gratuíta deberá ser presentada e completada de conformidade co disposto no capítulo II deste real decreto.

3. No caso das instalacións excluídas no período 2013-2020, de acordo coa disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, a resolución de exclusión do réxime de comercio de dereitos de emisión ou acto administrativo equivalente emitido pola autoridade competente, vixente no momento de presentar a solicitude, terá a mesma validez que a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro para os efectos do disposto no artigo 19.3.a) da Lei 1/2005, do 9 de marzo.

CAPÍTULO IV

Exclusión de instalacións que emiten menos de 2.500 toneladas para o período 2021-2025

Artigo 7. Exclusión de instalacións que emiten menos de 2.500 toneladas para o período 2021-2025.

1. Quedan excluídas do réxime de comercio de dereitos de emisión durante o período 2021-2025 as instalacións que en cada un dos anos do período 2016-2018 notificasen á autoridade competente emisións inferiores a 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, sen contabilizar as emisións da biomasa. Os titulares das ditas instalacións non terán que solicitar a exclusión, sen prexuízo de que o órgano autonómico competente dite resolución expresa en que conste a exclusión da instalación e as medidas de seguimento, verificación e notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro que aplicarán a esta.

2. Se unha instalación excluída de conformidade co número 1 deste artigo emite 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono ou máis, sen contabilizar as emisións da biomasa, no transcurso dun mesmo ano civil, o titular da instalación deberá optar por unha das seguintes opcións:

a) Que a instalación se introduza de novo no réxime de comercio de dereitos de emisión, caso en que permanecerá nel até a finalización do período 2021-2025.

b) Que a instalación quede excluída do réxime de comercio de dereitos de emisión durante o período 2021-2025, en virtude da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo.

Só poderán elixir a opción b) anteriormente sinalada as instalacións que cumpran cos requisitos establecidos na disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo; no Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, nos termos en que este resulte actualizado, e na normativa da Unión de aplicación. Así mesmo, deberán ter solicitado a exclusión do réxime de comercio de dereitos de emisión durante o período 2021-2025 no prazo e nos termos establecidos no artigo 5.

3. O titular comunicará a opción elixida de entre as dúas sinaladas nas letras a) e b) do número anterior a través da solicitude de exclusión que se presentará conforme o artigo 5, sen prexuízo da posibilidade de presentar tamén a solicitude de asignación gratuíta de acordo co artigo 8. En caso de que a dita solicitude de exclusión non sexa presentada, a instalación introducirase no réxime xeral de comercio de dereitos de emisión.

Artigo 8. Solicitudes de asignación gratuíta de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período de asignación 2021-2025 das instalacións que emiten menos de 2.500 toneladas.

1. Os titulares de instalacións que sexan excluídas do réxime de comercio de dereitos de emisión, de conformidade co artigo 7, e desexen optar á asignación gratuíta para o caso en que se produza a reintrodución da instalación no réxime de comercio de dereitos

de emisión poderán presentar unha solicitude de asignación gratuíta de dereitos de emisión para o período de asignación 2021-2025.

2. A solicitude de asignación gratuíta deberá ser presentada e completada de conformidade co disposto no capítulo II.

3. No caso das instalacións excluídas no período 2013-2020 de acordo coa disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, a resolución de exclusión do réxime de comercio de dereitos de emisión ou acto administrativo equivalente emitido pola autoridade competente, vixente no momento de presentar a solicitude, terá a mesma validez que a autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro mencionada no artigo 19.3.a) da dita lei, para efectos de solicitar asignación gratuíta de dereitos de emisión.

4. No caso de que se produza a reintrodución da instalación no réxime de comercio de dereitos de emisión, todos os dereitos que se lle expidan se concederán a partir do ano da reintrodución.

Artigo 9. *Obrigacións das instalacións que emiten menos de 2.500 toneladas.*

1. A autorización de emisións de gases de efecto invernadoiro das instalacións excluídas de conformidade co artigo 7 quedará extinguida o 1 de xaneiro de 2021.

2. Non obstante o disposto no número anterior, as instalacións excluídas manterán as obrigacións relativas ao seguimento, notificación e verificación simplificadas das emisións que considere oportunas o órgano autonómico competente.

3. As instalacións excluídas de conformidade co artigo 7 quedarán sometidas ao réxime de infraccións e sancións previsto no capítulo VIII da Lei 1/2005, do 9 de marzo, en canto afecte o cumprimento das obrigacións de seguimento e subministración da información sobre emisións.

4. A exclusión de conformidade co artigo 7 non exime os titulares das instalacións afectadas do cumprimento de todas as obrigacións establecidas na Lei 1/2005, do 9 de marzo, no que respecta ás emisións producidas até o ano 2020, incluído.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase conxuntamente ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.^a da Constitución, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e no artigo 149.1.23.^a da Constitución, de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e aplicación.*

1. A persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto, no ámbito das súas competencias.

2. A persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e os titulares dos demais órganos do departamento ministerial, en uso das súas competencias, adoptarán as medidas necesarias para a aplicación deste real decreto e das súas disposicións de desenvolvemento e execución.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1055/2014, do 12 de decembro, polo que se crea un mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro para empresas de determinados sectores e subsectores industriais que se consideran expostos a un risco significativo de «fuga de carbono» e se aproban as bases reguladoras da concesión das subvencións para os exercicios 2014 e 2015.*

O Real decreto 1055/2014, do 12 de decembro, polo que se crea un mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro para

empresas de determinados sectores e subsectores industriais que se consideran expostos a un risco significativo de «fuga de carbono» e se aproban as bases reguladoras da concesión das subvencións para os exercicios 2014 e 2015, queda modificado nos seguintes termos:

Engádense os artigos 19 bis e 19 ter:

«Artigo 19 bis. *Publicación das axudas concedidas por compensación dos custos indirectos de emisións de gases de efecto invernadoiro.*

1. No primeiro trimestre de cada ano, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo porá á disposición do público, nunha forma facilmente accesible, o importe total das axudas concedidas de conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, desagregado por sectores e subsectores beneficiarios.

2. Esta información quedará recollida, ademais, na Base de datos nacional de subvencións, de conformidade cos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 19 ter. *Publicación da información sobre o uso dos ingresos da poxa de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no ámbito do mecanismo de compensación dos custos indirectos de emisións de gases de efecto invernadoiro.*

1. O Goberno procurará que o importe das axudas concedidas anualmente de conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, non supere o 25 por cento do total dos ingresos anuais obtidos por España procedentes da poxa de dereitos de emisión.

2. Anualmente, cando o importe das axudas concedidas de conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, supere o 25 por cento do total dos ingresos anuais obtidos por España procedentes da poxa de dereitos de emisión, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e o Ministerio para a Transición Ecolóxica elaborarán conxuntamente e publicarán un informe que xustifique os motivos polos que se superou o dito importe.

3. O informe incluirá, ao menos, a seguinte información:

a) Información pertinente sobre os prezos da electricidade no ano de referencia para os grandes consumidores industriais que se beneficien das axudas, sen prexuízo das exixencias relativas á protección da información confidencial.

b) Información sobre se se tiveron debidamente en conta outras medidas para reducir de maneira sustentable os custos indirectos do carbono a medio e longo prazo.»

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Os números 1 e 2 do artigo 7, o número 4 do artigo 8, o número 2 do artigo 9 e a disposición derradeira terceira deste real decreto incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para intensificar as reducións de emisións de forma eficaz en relación cos custos e facilitar os investimentos en tecnoloxías hipocarbónicas, así como a Decisión (UE) 2015/1814.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xaneiro de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO